

Síguenos en



Biblioteca
Facultade de Ciencias da Educación

www.educacion.udc.es/biblioteca
bibedu.blogaliza.org

educacion.bib@udc.es

Xaneiro – Marzo 2014

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

www.educacion.udc.es

Ollada ao fondo: o que foi 2013

A COLECCIÓN. En 2013 ingresaron na biblioteca 1926 monografías e 81 DVS, pasando a ter o noso fondo 87.738 monografías. Pechamos 2013 con 702 títulos de revistas, das que 334 son revistas que xa non se reciben. Debido aos recortes, finalizamos 2013 con 16 títulos menos que no 2012. A UDC está subscrita a 19.000 revistas electrónicas das que unas 1200 se corresponden coas ciencias da educación e afíns. 16.000 libros-e. No 2013 tivemos 72.572 visitas á biblioteca, sendo novembro o mes máis intenso.

ALFIN. Os cursos de formación aumentaron considerablemente, a concienciación da súa necesidade é cada vez maior entre o PDI e alumnado. Impartíronse 26 cursos de grupos para alumnado e 2 grupos de docentes, un total de 820 usuarias/os, 108 horas, moitas delas para os de Utilización de recursos para a realización dun TFG e un TFM.

Tamén o persoal da biblioteca recibiu números cursos de formación en manexo de bases de datos, idiomas, liderado de grupos e acceso aberto.

Bibliografía recomendada. Actualizouse no catálogo a bibliografía recomendada, tirándoa a partir das guías docentes. Só nos graos hai 4.389 recursos nela. Aqueles docentes que non a teñan colgada na web deberán colla achegar nun arquivo por correo electrónico para podela incluír.

Actividades culturais. Realizáronse 13 exposicións, un recital poético, unha charla e colaborouse na organización das xornadas sobre o libro “*De cerca*”.

Axiña poderás acceder á [memoria completa](#) de 2012-2013 na nosa web.

NO HORIZONTE

O TREN DA INFORMACIÓN. Alfin, Competencias informacionais ou formacións de usuarias e usuarios. Solicita a túa parada. Xa temos tres programadas para finais do mes de xaneiro e a oferta está aberta para PDI e grupos de alumnado que o precisen. Lembra: selección de fontes, procuras bibliográficas, bases de datos, revistas electrónicas, xestores de información, bibliometría, alertas informativas, uso ético da información... deseñamos cursos á carta.



No ano 2009 creamos un curso de autoaprendizaxe na plataforma Moodle e agora estamos a traballar na súa modernización e actualización dos contidos, utilizando ferramentas para crear vídeos máis amenos e creativos. Pronto ofertaremos un novo curso, que se poderá facer por módulos, á carta, con tutoriais e vídeos creados por nós, así como cuestionarios de autoavaliación, para Grao, TFG e TFM, e tamén unha serie de seminarios semipresenciais para PDI coas mesmas características.

WEB. Axiña teremos a páxina web da nosa Biblioteca traducida ao inglés, grazas ao grande traballo que realizou Germán, nos meses de maio e xuño, que estivo en prácticas prelaborais enviado pola Fundación Paideia.

EXPOSICIÓNS.

Lembrede que temos varios espazos para exposicións eventuais que están ao voso dispor se tedes algún proxecto: dúas vitrinas, unha parede no Recuncho de lectura e 30 marcos de madeira.

Sala, peceras de creatividade e Recuncho de lectura

Neste primeiro trimestre as nosas vitrinas verán pasar a moitos galegos e galegas ilustres, seleccións de bibliografía da nosa biblioteca, o mundo do libro e tamén terá cabida o cine cunha mostra de cine pola paz.


Agradarache saber é unha mostra de cartaces sobre os nomes da Agra do Orzán, cedida pola Asociación de veciños, e que se complementa con bibliografía nas peceras.

Datas: do 23 ao 29 de xaneiro.
Lugar: Primeiro andar da biblioteca e peceras de creatividade



Cine pola paz. Con motivo da celebración do día internacional pola paz, o 30 de xaneiro, expoñeremos unha selección de películas do fondo da nosa biblioteca relacionadas coa guerra e a paz.

Datas: do 30 de xaneiro ata o 14 de febreiro.
Lugar: peceras de creatividade.



Ex-libris. Exposición internacional de intercambio de ex-libris entre España, Portugal e Argentina. Unha mostra de 20 ex-libris que se complementará cunha serie de obxectos relacionados e matrices utilizadas para a súa realización. Exlibris.blogaliza.org

Datas: do 17 de febreiro ata o 6 de marzo.
Lugar: peceras de creatividade.



Mestras republicanas. Con esta exposición queremos render unha homenaxe a todas aquelas mulleres que loitaron por unha educación mais xusta, igualitaria e moderna, tendo que sufrir moitas veces por iso. Seleccionamos tres: María Barbeito e Cerviño, Elvira Bao Maceiras e Ernestina Otero Sestelo.

Datas: a partires do 8 de marzo, coincidindo co día adicado á muller traballadora.
Lugar: peceras de creatividade.



Proxección do documental **As mestras da República**, dirixido por Pilar Pérez Solano, candidato aos premios Goya 2014.
Data: 10 de maio.

Renata Carneiro, artista portuguesa que expoñerá a serie “*Jogo de damas*”, pequenos lenzos nos que fai unha alegoría á liberación da muller, dama no xogo ao que se enfrenta. artista-renatacarneiro.blogspot.com.es

Datas: do 8 ao 31 de marzo.
Lugar: Recuncho de lectura



DE CINE. Pinterest

A Biblioteca estreou hai uns meses o seu Pinterest de cine. Nel poderás ver todas as películas que temos no fondo agrupadas por materias, con resume, localización e outros enlaces de interés. www.pinterest.com/cineduca



Na actualidade temos perto de 800 películas de temática relacionada coas ciencias da educación. O préstamo é o mesmo que para as monografías.

CLUBE DE CONVERSA. Solta a lingua



bibedu.blogaliza.org/solta-a-lingua
Dende abril ofrecemos na biblioteca un clube de conversa en distintos idiomas: inglés, francés, alemán, italiano e galego para neofalantes.

Datas e horarios: de luns a venres de 13 a 14 horas e de 19 a 20 horas, con posibilidades de cambio.
Lugar: Recuncho de lectura.